

## NORMATIVA QUE REGULA A MODALIDADE DOCENTE DOS ESTUDOS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA SEGUNDO A SÚA PRESENCIALIDADE

De acordo coa súa misión, visión e valores, a UDC considera a presencialidade do ensino como unha peza esencial para a formación dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática, cooperativa e solidaria. En consonancia, a UDC fomentará a modalidade presencial entre os seus títulos. Non obstante, nos últimos anos, a UDC incluíu no seu catálogo algúns títulos con modalidade híbrida e con modalidade virtual. As axencias de avaliación, nas súas orientacións para a verificación e acreditación dos títulos, demandan ás universidades unha adaptación das normas e procedementos que recollan as singularidades destas modalidades docentes, tanto desde o punto de vista metodolóxico como desde o normativo.

O Real decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade establece, nos seus artigos 14.7 (ensinanza oficial de grao), 17.5 (ensinanza oficial de máster) e 37.3 (formación permanente), que estes niveis de estudos poderán impartirse en modalidade docente presencial, na híbrida (tamén denominada “semipresencial”) e na virtual (tamén denominada “non presencial” ou “on line”) e indica a obrigatoriedade de que os plans de estudos incorporen as modalidades docentes elixidas.

Faise preciso, por tanto, un desenvolvemento normativo para regular distintos aspectos relacionados coas modalidades de docencia na UDC.

### TÍTULO I. DESCRICIÓN DOS ESTUDOS PRESENCIAIS, HÍBRIDOS E VIRTUAIS NA UDC

#### Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación

1. O obxecto da presente normativa é establecer as pautas aplicables á posta en marcha e posterior desenvolvemento das ensinanzas oficiais de grao e máster, así como outras ensinanzas universitarias, especificamente a formación permanente, impartidas na UDC en modalidade presencial, híbrida e virtual.
2. Serán igualmente aplicables a este tipo de ensinanzas as disposicións xerais e o resto de normativas da UDC que non entren en contradición coas aquí expostas.

#### Artigo 2. Definicións

Para efectos desta normativa entenderase por:

1. **Actividade académica:** conxunto das actividades formativas que desenvolve o estudantado nas ensinanzas de grao e máster de acordo coa programación do plan de estudos. Mediranse en créditos ECTS. Formarán parte da planificación docente das distintas materias ou disciplinas, e a súa finalidade será a transmisión ordenada

de coñecementos ou contidos e a consecución de competencias e habilidades ou destrezas por parte do/a estudante, isto é, a adquisición dos resultados de aprendizaxe.

2. **Actividade lectiva:** conxunto das accións que conforman as actividades formativas planificadas nas ensinanzas que requiren da interacción entre docente e discente e se desenvolven en espazos presenciais –como aulas, laboratorios, despachos, espazos abertos ou pechados que sexan destino de saídas ao campo e/ou visitas, e outros espazos docentes da universidade ou entidade colaboradora– ou en espazos lectivos virtuais como campus en liña, ferramentas de videochamada, correo electrónico etc. Estas actividades, que poderán ser presenciais ou virtuais e, neste caso, síncronas ou asíncronas, desenvolveranse a través de clases teóricas ou prácticas, traballo de campo ou laboratorio, seminarios, conferencias, visitas externas, probas de avaliación, titorías, revisión de tarefas, defensa de traballos etc., sempre que estean supervisadas por docentes ou responsables académicos en entidades colaboradoras.

Desde o punto de vista do docente, a actividade lectiva incluírá as horas de dedicación por crédito ECTS establecidas no seu plan de organización docente (POD), así como as horas dedicadas a tarefas de atención e supervisión do traballo do alumnado, o que será de especial importancia nas actividades virtuais.

3. **Traballo autónomo:** son as accións que conforman as actividades formativas planificadas nas ensinanzas que desenvolve o estudiantado de forma autónoma sen interacción nin supervisión do profesorado, tales como o estudo persoal, a realización de traballos, a preparación de prácticas, proxectos e preparación de exames, entre outros.

Desde o punto de vista do estudiantado, as horas de dedicación ás actividades lectivas agregadas ás horas de traballo autónomo constituirán o total de 25 horas por crédito de dedicación ao estudo necesario para realizar a súa actividade académica.

4. **Modalidades de ensino:**

**a) Modalidade de ensino presencial:** aquela en que o conxunto da actividade lectiva se desenvolve en forma presencial, interactuando o profesorado e o estudiantado no mesmo espazo físico. No caso de que a actividade docente sexa síncrona e estea programada para ter lugar de forma presencial nun centro e, ao mesmo tempo, de forma virtual noutro centro distinto, sexan estes da UDC ou doutra universidade ou organismo con capacidade de intervención académica a nivel de ensino superior, a dita actividade considerarase presencial.

A docencia dunha unidade organizativa (módulo, materia ou disciplina) considerarase presencial cando entre 7 e 10 horas por crédito ECTS dela sexan impartidas de forma presencial. O conxunto da actividade lectiva que conforma unha unidade organizativa presencial poderá incrementar, a elección da

coordinación desta, até 3 horas máis por crédito ECTS por riba da presencialidade, sen repercutir nas horas de POD programadas para os/as docentes implicados/as (poderase facer uso, para iso, das horas de titoría), e complementarase co traballo autónomo para constituír a actividade académica do alumnado, até completar as 25 horas por crédito de dedicación do estudantado.

Se unha materia é impartida nesta modalidade, todos os seus créditos terán a consideración de **créditos presenciais**, para efectos da definición de modalidade da titulación á que pertence.

**b) Modalidade de ensino virtual:** aquela en que a actividade lectiva se articula a través da interacción académica, síncrona ou asíncrona, entre o profesorado e o estudantado sen necesidade de presenza física de ambos no mesmo espazo docente da universidade. Esta modalidade de ensino caracterízase pola predominancia no uso de tecnoloxías dixitais da información e da comunicación (TIC). A docencia dunha unidade organizativa (módulo, materia ou disciplina) considerarase virtual cando, como máximo, 2 horas por crédito ECTS dela sexan impartidas de forma presencial. O conxunto da actividade lectiva que conforma unha unidade organizativa virtual comprenderá entre 4 e 7 horas por crédito ECTS, a elección da coordinación desta, e complementarase co traballo autónomo para constituír a actividade académica do alumnado, até completar as 25 horas por crédito de dedicación do estudantado.

Se unha materia é impartida nesta modalidade, todos os seus créditos terán a consideración de **créditos virtuais**, para efectos da definición de modalidade da titulación á que pertence.

**c) Modalidade de ensino híbrido:** aquela en que a actividade lectiva combina actividades académicas en modalidades presencial e virtual, sempre mantendo a unidade do proxecto formativo e a coherencia en todos aqueles aspectos académicos máis relevantes, aínda que a conxugación de modalidades docentes implique adaptacións dos elementos académicos a estas. A docencia dunha unidade organizativa (módulo, materia ou disciplina) considerarase híbrida cando entre 3 e 6 horas por crédito ECTS dela sexan impartidas de forma presencial. O conxunto da actividade lectiva que conforma unha unidade organizativa híbrida comprenderá entre 4 e 7 horas por crédito ECTS, a elección da coordinación desta, e complementarase co traballo autónomo para constituír a actividade académica do alumnado, até completar as 25 horas por crédito de dedicación do estudantado.

Se unha materia é impartida en modalidade híbrida, a efectos de definir a modalidade da titulación o  $p$  % dos seus créditos terán a consideración de créditos presenciais, sendo  $p = \frac{HP}{HP+HV} * 100 = \frac{HP}{HL} * 100$  con  $HP$  o número de horas presenciais da materia;  $HV$  o número de horas virtuais e  $HL = HP + HV$  o total de horas lectivas.

No caso dos traballos de fin de grao (TFG), traballos de fin de mestrado (TFM), prácticas académicas externas e, no seu caso, outras materias que, excepcionalmente, reciban a autorización da vicerreitoría competente en materia de titulacións, a actividade lectiva podería ter unha dedicación variable, segundo as necesidades da titulación que quedarán debidamente reflectidas na guía docente da materia. O número de horas de interacción estudantado/profesorado mide a interacción síncrona ou asíncrona, física ou non, entre ambos, e achega información sobre que porcentaxe das actividades académicas non presenciais implican supervisión por parte do docente.

## 5. Modalidades de titulacións:

- a) **Título en modalidade presencial:** aquel en que o conxunto das actividades lectivas que enmarcan o plan de estudos se desenvolve en forma presencial, interactuando o profesorado e o estudantado no mesmo espazo físico, sexa este a aula, laboratorios ou espazos académicos especializados. Aínda que a modalidade presencial non considera a posibilidade de incluír créditos non presenciais, podería permitirse impartir en modalidade virtual até unha porcentaxe do 10 % da carga crediticia do título, por causas debidamente xustificadas, que serán valoradas, e no seu caso aprobadas, pola comisión delegada de Consello de Goberno con competencias na materia.
- b) **Título en modalidade virtual:** aquel en que o conxunto das actividades lectivas que enmarcan o plan de estudos se desenvolve en forma virtual, interactuando o profesorado e o estudantado sen coincidir no mesmo espazo físico. Para que un título poida incluír a modalidade virtual ao menos o 80 % da carga crediticia que o configura será impartido nesta modalidade de ensino.
- c) **Título en modalidade híbrida:** aquel en que as actividades lectivas que enmarcan o plan de estudos engloba disciplinas ou materias en modalidade presencial e virtual, sempre mantendo a unidade do proxecto formativo e a coherencia en todos aqueles aspectos académicos máis relevantes –aínda que a conxugación da dobre modalidade docente implique adaptacións dos elementos académicos a estas–. Para que un título teña a consideración de híbrido ou semipresencial, a porcentaxe de créditos impartidos en modalidade virtual será a situada nun intervalo entre o 40 % e o 60 % da súa carga crediticia total.

Para a determinación da modalidade dunha titulación calcularase a proporción dos seus créditos impartidos en modalidade virtual a partir do cociente entre o número total de créditos que teñen consideración de créditos virtuais, tendo en conta todas as materias ofertadas na memoria de verificación, agás o traballo de fin de titulación, e o número total de créditos ofertados nela.

### **Artigo 3. Trámites administrativos**

1. Con carácter xeral os procedementos administrativos nas titulacións impartidas de forma híbrida ou virtual serán os mesmos que para as titulacións que se imparten na UDC en modalidade presencial. Con todo, a vicerreitoría con competencias en planificación académica poderá establecer normas específicas para as ensinanzas impartidas nestas modalidades.
2. Todos os órganos implicados nos procesos de preinscrición e matrícula, e en xeral en calquera trámite administrativo, das titulacións con modalidade virtual deberán velar por facilitar ao máximo a súa realización de forma telemática e prestar a atención personalizada necesaria para a culminación dos ditos procesos.
3. O estudiantado admitido e matriculado nunha titulación da UDC que posúa máis dunha modalidade docente poderá solicitar o cambio de modalidade nos prazos que se habilitarán anualmente para ese efecto. O cambio de modalidade será aprobado pola xunta de facultade ou escola do centro en que se imparta a titulación, ou a comisión que teña delegadas as ditas competencias, tendo en conta os límites de prazos e a capacidade de cada unha das modalidades.

### **Artigo 4. Procedemento para a tramitación da oferta e modificación de titulacións nas distintas modalidades**

1. Consonte o establecido no preámbulo, deberase xustificar debidamente, ante a comisión delegada de Consello de Goberno con competencias en titulacións, a preferencia por modalidades docentes non presenciais.
2. O procedemento que se seguirá, tanto para implantar unha nova titulación na modalidade virtual ou híbrida como para modificar unha existente que cambie de modalidade ou incorpore unha híbrida ou unha virtual, será o mesmo que o previsto con carácter xeral para a implantación ou modificación de titulacións oficiais presenciais da UDC.
3. Nas memorias de verificación especificarase a modalidade docente do título. As particularidades deste tipo de ensinanza teranse en conta á hora de redactar e xustificar os diferentes apartados da memoria (resultados do proceso de formación e aprendizaxe, metodoloxías docentes que se utilizan, actividades formativas, sistemas de avaliación, persoal académico e de apoio á docencia, recursos materiais etc.) para o cal a vicerreitoría con competencias en materia de titulacións facilitará á comisión de elaboración da memoria a correspondente documentación.
4. No caso de títulos que propoñan dúas modalidades docentes diferentes, terán que presentar na memoria de viabilidade unha xustificación para a incorporación de dúas modalidades, así como do número de estudantes previstos en cada unha delas. Con carácter xeral, as titulacións da UDC só poderán manter dúas modalidades docentes diferentes se a matrícula en cada modalidade é igual ou superior ao tamaño do grupo de referencia en cada unha delas. O tamaño do grupo de referencia será aprobado anualmente polo Consello de Goberno a proposta da vicerreitoría competente en materia de profesorado.



5. Co propósito de xustificar a(s) modalidade(s) docente(s) que corresponder aos títulos, nas memorias de verificación incluírase, no apartado que describe a “Planificación das ensinanzas”, unha táboa para cada modalidade en que se especifique, para cada materia, o número de créditos ECTS; o número de horas presenciais por crédito ECTS; a modalidade docente (presencial, virtual ou híbrida); e o número de créditos virtuais.

A partir desta(s) táboa(s) poderá calcularse a porcentaxe de créditos virtuais tomando en consideración todos os módulos/materias/disciplinas que conforman o plan de estudos e, en consecuencia, as modalidades do título.

### **Artigo 5. Sistema de información previa**

1. O centro responsable de títulos virtuais e híbridos aprobará e publicará de forma previa á matrícula en cada curso académico, a seguinte información:

- a) Calendario académico do título, incluídos os períodos de actividades presenciais que sexan obrigatorias para o alumnado, así como o lugar, os criterios e os procedementos de avaliación.
- b) Listaxe de recursos materiais, e en especial aqueles tecnolóxicos, do que o estudantado precise dispor para o seguimento adecuado da docencia e da avaliación, tales como equipamento informático necesario para as actividades formativas, uso de recursos tecnolóxicos de verificación de identidade durante os exames se estes se realizasen por medios telemáticos, ou sinatura dixital para presentar traballos, entre outros.

2. O estudantado deberá acreditar, mediante unha declaración de aceptación e recoñecemento no momento de formalizar a matrícula, que coñece o calendario académico e os recursos de que precisará dispoñer para poder desenvolver a actividade docente, así como a política de privacidade e o tratamento de datos persoais en relación coa docencia virtual na UDC.

## **TÍTULO II. DOCENCIA**

### **Artigo 6. Métodos pedagóxicos**

1. Consonte o establecido nas definicións de modalidades de ensinanza respecto á contía da actividade lectiva dunha unidade organizativa, as metodoloxías docentes e actividades formativas nas modalidades híbrida e virtual requiren de estratexias didácticas específicas que promovan a aprendizaxe autónoma e a autorregulación, á vez que estimulen o traballo colaborativo e a interacción frecuente con outros estudantes e co/a docente. Así pois, o profesorado que imparta docencia nestas modalidades deberá acreditar a formación necesaria para promover o uso de metodoloxías activas que contribúan ao logro dos resultados de aprendizaxe propios de cada titulación. Esta formación poderá acreditarse por recoñecemento de experiencia previa ou mediante a superación da formación permanente que estableza a UDC para tal efecto.

## Artigo 7. Recursos de aprendizaxe

1. A docencia na modalidade híbrida e virtual esixe que os/as estudantes dispoñan de materiais de estudo especificamente adaptados canto ao seu formato e contido didáctico. En concreto, débense empregar materiais didácticos multimedia que combinen textos con outros elementos interactivos como gráficos, animacións, ficheiros de audio ou vídeo, ligazóns web etc. A implantación dunha titulación en modalidade híbrida ou virtual levará implícita a transformación por parte do profesorado dos correspondentes materiais, guías de estudo, probas de avaliación etc., adaptados á modalidade docente.

As actividades formativas deberán igualmente estar adaptadas ás características da modalidade de impartición, tanto no seu deseño como no seu enfoque didáctico e pedagóxico.

2. A docencia virtual levarase a cabo utilizando os recursos materiais que a UDC pon de forma institucional a disposición da súa comunidade e, en concreto, serán de uso obrigado aqueles recursos especialmente adecuados para a docencia na modalidade virtual ou híbrida así como as ferramentas de videoconferencia e traballo colaborativo dispoñibles na UDC. Para garantir a súa recuperación en procesos de reclamación ou de acreditación de títulos, a entrega de actividades formativas avaliadas realizarase obrigatoriamente a través das ferramentas das plataformas institucionais postas ao dispor pola UDC para ese efecto.

No caso de titulacións conxuntas (interuniversitarias) poderanse utilizar outras plataformas se o seu uso está debidamente xustificado. O convenio subscrito entre as universidades determinará con claridade os recursos que se utilizarán e velará porque os recursos postos a disposición polas diversas institucións participantes sexan compatibles e/ou interconectables entre si.

3. A planificación das ensinanzas dos títulos que se impartan en modalidade híbrida ou virtual ha de incluír procedementos acaídos á comunicación telemática entre o profesorado e o estudiantado, e sistemas para facilitar a interacción entre eles. Estes recursos deberán cumprir a normativa e lexislación vixente en materia de protección de datos e garantías de dereitos dixitais.

4. Será necesario que a identidade corporativa da UDC quede debidamente reflectida en todos os materiais que se elaboren para estas modalidades. Co obxecto de uniformar os materiais didácticos, estes deberán ser editados e maquetados de acordo cos modelos definidos na identidade corporativa da UDC, antes da súa posta a disposición dos/as estudantes.

5. O centro responsable da titulación e os departamentos implicados na docencia, a través do profesorado coordinador das materias, velarán por que a calidade dos materiais elaborados, as actividades formativas e os recursos materiais que se empreguen sexan os adecuados. Para facilitar a supervisión, a UDC porá á disposición recursos formativos para valorar a adecuación dos materiais, actividades e recursos en cada materia.



6. No caso de que as actividades lectivas non programadas nos cronogramas das titulacións requiran espazos lectivos presenciais, serán as persoas coordinadoras das unidades organizativas afectadas as encargadas de reservar ou solicitar reserva de espazos aos/ás decanatos/direccións dos centros.

7. O profesorado que imparta docencia na modalidade híbrida e/ou virtual deberá acreditar a formación necesaria para o deseño de materiais didácticos e actividades de aprendizaxe, así como para o uso de recursos materiais adecuados que contribúan á consecución, por parte do alumnado, dos resultados de aprendizaxe propios de cada titulación. Esta formación poderá acreditarse por recoñecemento de experiencia previa ou mediante a superación da formación permanente que estableza a UDC para tal efecto.

### **Artigo 8. Avaliación da aprendizaxe**

1. Os sistemas de avaliación do proceso formativo gardarán relación directa coa natureza das distintas unidades organizativas (módulos, materias o disciplinas) e serán coherentes cos resultados de aprendizaxe a acadar polo estudiantado, as actividades formativas e a metodoloxía docente utilizada. En xeral, fomentárase a avaliación continua e ponderada das actividades de avaliación. A avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe do estudiantado poderá incluír tanto probas que se realicen presencialmente, ou a distancia de forma síncrona, como outras probas ou elementos de valoración recompilados durante o desenvolvemento das actividades formativas.

2. En todo caso, no deseño das actividades de avaliación o profesorado terá en consideración as directrices da memoria de verificación do título, as da Comisión de Garantía de Calidade, Comisión Académica do título e as da normativa da UDC, e terán que ser publicadas a través da guía docente da materia, que se revisa anualmente.

3. Débense establecer mecanismos adecuados para garantir a identidade dos/as estudantes, así como a autoría e orixinalidade das probas de avaliación e dos traballos realizados polo alumnado. Isto pode ser xustificable pola presencialidade do sistema de avaliación, ou ben por unha adecuada combinación de tecnoloxía e recursos humanos que permita garantir a identificación dos/as estudantes e o control do contorno naquelas probas de avaliación que se realicen a distancia.

4. Os supostos de fraude quedan suxeitos a criterios disciplinarios e sancionadores previstos nas Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e máster universitario, así como no Regulamento disciplinar do estudiantado da UDC. Sexa como for, serán sancionables as condutas seguintes:

- a) a suplantación de identidade nas probas de avaliación,
- b) a utilización de material ou dispositivos non autorizados durante a realización das probas de avaliación, e
- c) a copia ou actuación fraudulenta nas probas avaliadas, incluído o plaxio.



5. De acordo coa normativa académica da UDC, os/as estudantes terán dereito a solicitar un xustificante da realización das probas de avaliación que requiran convocatoria, aínda que estas se realicen a distancia mediante recursos que permitan a interacción síncrona.

### **Artigo 9. Revisión das cualificacións**

1. Os/as estudantes de materias que se impartan nas modalidades híbrida e virtual terán dereito a un proceso de revisión das actividades de avaliación realizadas e, en concreto, do exame final se o houber. No momento do anuncio das cualificacións provisionais, e seguindo a normativa da UDC, publicarase, para o caso do estudantado matriculado en modalidade híbrida ou virtual, o procedemento elixido para levar a cabo a revisión. No caso da modalidade virtual utilizaranse necesariamente recursos TIC que permitan a comunicación a distancia (síncrona ou asíncrona) entre docente e estudante.

2. En todo caso, deberá quedar constancia de que realizou revisión e a súa data mediante, por exemplo, a gravación da sesión, a copia do intercambio de correos electrónicos, outras comunicacións asíncronas, ou calquera outro sistema que acredite que se realizou a revisión.

### **Artigo 10. Titorización e atención personalizada**

1. O alumnado que curse unha titulación en modalidade híbrida ou virtual terá asignado/a un titor ou titora de acordo coa normativa do Plan de acción titorial (PAT) de cada centro.

2. Consonte o establecido nas definicións de modalidades de ensinanza híbrida e virtual respecto á contía da actividade lectiva dunha unidade organizativa, o profesorado que imparta a dita unidade realizará un seguimento constante do alumnado coas obrigas seguintes:

- a) Fixar polo menos unha sesión de titoría síncrona semanal para atender consultas e dúbidas do alumnado. Nese horario o profesorado estará dispoñible para se poder comunicar co alumnado a través das canles oficiais (videoconferencia, foros, correo...).
- b) Previr o abandono facendo un seguimento do alumnado que non se conecta ou non cumpre os prazos de entrega das actividades.
- c) Atender adecuadamente as consultas que o estudantado realice, a través dos medios que se indiquen na guía docente, de maneira que non se produza unha demora superior a 48 horas, en días lectivos, desde a súa formulación sen que o docente se poña en contacto co/a estudante, nin unha demora superior a 7 días lectivos sen que a consulta reciba o tratamento adecuado que lle permita ao/á estudante seguir avanzando na súa aprendizaxe.
- d) Realizar unha titoría proactiva que promova a interacción e a participación do alumnado a través das diferentes ferramentas de comunicación mediante actividades colaborativas, debates etc.
- e) Cualificar as actividades e tarefas do alumnado nun prazo non superior a un mes.

No caso daquelas actividades cuxa resolución sexa necesaria para o avance do alumnado no seu proceso de aprendizaxe, non se deberán superar os sete días.

En todos os casos, serán públicos os métodos e recursos que se establezan para realizar as actividades de titorización e de atención personalizada do estudante.

### **Artigo 11. Guías docentes**

1. As guías docentes das distintas materias dos plans de estudos serán sinxelas, directas e doadamente comprensibles, e deberán especificar e describir claramente os seguintes elementos:

- a) Os contidos e as actividades formativas, indicando claramente para cada actividade: as horas de dedicación da actividade; as horas de interacción estudante/profesorado, que engadidas ás horas de traballo autónomo totalizarán as horas de dedicación da actividade; e o número de horas presenciais e virtuais, que sumarán as horas lectivas ou interactivas da actividade.
- b) Os recursos materiais que necesitará o/a estudante para o seguimento da materia, así como as fontes de información recomendadas.
- c) Os procedementos e as canles de comunicación que serán utilizados no desenvolvemento da materia.
- d) Os procedementos establecidos para levar a cabo as actividades de seguimento e titorización.
- e) Os métodos de avaliación, indicando claramente os que son presenciais e os que se poden realizar virtualmente.

## **TÍTULO III. PROFESORADO**

### **Artigo 12. Profesorado**

1. O profesorado que imparta docencia en materias ofertadas na modalidade híbrida ou virtual deberá cumprir os requisitos que con carácter xeral están previstos na normativa para titulacións oficiais. Adicionalmente, deberá acreditar experiencia e/ou formación específica orientada a estas modalidades, tanto metodolóxica como no emprego de plataformas e recursos para impartir este tipo de docencia. A vicerreitoría con competencias en formación permanente establecerá o procedemento para obter a dita acreditación.

2. No caso do profesorado con vinculación permanente na universidade, a porcentaxe da súa dedicación á ensinanza híbrida ou virtual non será superior ao 50 % da súa dedicación, salvo casos debidamente xustificadas.

### **Artigo 13. Cómputo da dedicación docente**

1. Para os efectos do cómputo da dedicación individual do profesorado da UDC terase en conta tanto o número de estudantes que constitúen un grupo de referencia nas modalidades híbrida e virtual, como o encargo docente asociado a cada tipo de crédito implantado, que será aprobado polo Consello de Goberno a proposta da vicerreitoría competente en materia de profesorado.

### **DISPOSICIÓN TRANSITORIA**

1. Aqueles títulos que, no momento de aprobación desta normativa, non cumpran co estipulado nela, deberán adaptarse a ela con anterioridade á data en que se solicite a seguinte renovación da acreditación do título ou do centro segundo corresponda. De non ser posible por razóns de tempo, a adaptación a esta norma deberá iniciarse no prazo dun ano a partir da resolución favorable de acreditación.

2. No caso de titulacións que no momento de aprobación desta norma estean en proceso de verificación ou modificación substancial, a adaptación a esta norma deberá solicitarse no prazo dun ano a partir da correspondente resolución favorable.

### **DISPOSICIÓN DEROGATORIA**

Quedan derogadas todas as normas de igual ou inferior rango que se opoñan ao establecido nesta normativa e, en concreto, a Normativa que regula os estudos semipresenciais e a distancia da Universidade da Coruña, aprobada polo Consello de Goberno do 27/01/2021.

### **DISPOSICIÓN DERRADEIRA**

A presente normativa entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da UDC.